



Manifesto do Día do Orgullo 2023

No 28 de xuño conmemórase internacionalmente o Día do Orgullo LGBTI+, en conmemoración da revolta de Stonwall que se produciu en Nova York en 1969, considerada como o nacemento do movemento LGBTI moderno. As persoas disidentes de xénero levaban décadas loitando pola súa liberación, tecendo comunidade e implicándose na vida política do país, mais a data que hoxe lembramos e o seu impacto na prensa internacional supuxo o revulsivo preciso para organizarse e saír á rúa, da man doutros movementos sociais como o feminismo, o ecoloxismo ou o sindicalismo, que as apoiaron desde o primeiro momento.

Naquel verán de 1969, ducias de persoaslésbicas, gays, bisexuais, trans, drag queens, moitas delas racializadas, moitas prostitutas, decidiron que xa abondaba de sufrir violencia. Violencia por parte da sociedade que as mantiña apartadas nas marxes, invisibles. Violencia por parte das mafias que aproveitaban a súa vulnerabilidade para se enriqueceren. Violencia por parte dos corpos policiais que invadían os seus espazos, que as agredían e que as multaban por delitos como vestir prendas de roupa non concordantes co seu sexo. Violencia que despois de máis de 50 anos volve emerxer no marco dunha vaga reaccionaria global. No ano 2023 estamos vendo como no mesmo país en que se orixinaron as revoltas volven ser aprobadas leis que regulan o tipo de roupa que pode vestir unha persoa, baixo ameaza de multa ou de cárcere. Se está ocorrendo alí, unha vez máis, pode ocorrer aquí se non actuamos.

É tentador ver a historia como unha liña recta que avanza desde un pasado escuro e violento cara a un futuro utópico igualitario, mais o traballo de moitas historiadoras e investigadoras demostra que a realidade non é tan sinxela. Períodos de avance social, melloras en liberdades e relaxación nas normas de xénero e sexuais poden verse sucedidos por períodos regresivos en que o control dos corpos e as vidas das persoas LGBTI+ é máis restritivo e violento. Isto é o que estamos a observar na actualidade.

Despois de décadas de vitorias en materia de visibilidade do colectivo, a aprobación de medidas legislativas dirixidas a promover a igualdade de dereitos independentemente da identidade de xénero ou da orientación sexual, e da grande aceptación social das persoas

LGBTI+, nos últimos cinco anos estamos a observar un novo incremento en todo tipo de agresións LGTBIfóbicas. Estamos vendo como se pretende derrogar a lexislación que protexe o colectivo, prohibindo libros en que existen persoas que saen da norma cisheterosexual e censurando actividades en prol da diversidade. Asistimos á proliferación das agresións verbais na rúa, a plena luz do día, e como cada vez son máis perigosas as noites.

As persoas trans e non binarias sofren sinalamento, acoso e cuestionamento das súas identidades. Ven como a súa existencia e dignidade como seres humanos foi convertida nun debate, e como a súa presenza en calquera espazo público implica expoñerse a sufrir violencia.

Porén, non é o momento de perder a esperanza. O groso da sociedade é cada día máis igualitario e solidario. O que estamos a ver é unha polarización na opinión pública: por unha banda cada vez se visibilizan máis persoas LGBTI+ e aliadas, cada vez con máis presenza nos medios, na cultura, ou na política; e por outra quen ve ameazas na existencia de persoas diferentes reacciona cada vez con maior violencia.

Atopámonos, sen dúbida, nun punto de inflexión, un punto en que se continúan avanzando os discursos de odio, se non se lles pon freo, se as persoas aliadas calan mentres as LGTBIfóbicas seguen a difundir odio, afrontamos o perigo real de vérmonos asolagadas por unha vaga reaccionaria que afogue toda a diversidade humana.

É o momento de tomar partido, de que toda a cidadanía dea un paso á fronte e defenda os ideais de igualdade e diversidade que caracterizan a nosa Compostela. Desde o Concello temos o deber de dar exemplo, de amosármonos como unha barreira unánime contra o odio. Temos o deber de entender que a diversidade de xénero e de orientación sexual non só é digna de respecto, aceptación ou normalización, senón que é digna de ser celebrada, porque se as persoas LGBTI+ son máis libres, todas somos máis libres.

Con este fin, o Concello de Santiago comprométese a continuar traballando na defensa dos dereitos do colectivo LGBTI+ durante todo o ano, non só no mes de xuño. Queremos seguir construíndo a Compostela diversa e que isto volva facerse de xeito acompañado e participado por todo o tecido social e asociativo do noso municipio.

Comprometémonos a poñer a funcionar o centro LGBTI+ que foi aprobado no Pleno municipal, e que cada día se fai máis necesario.

Comprometémonos a desenvolver, da man do movemento asociativo feminista e LGBTI+, o protocolo contra as violencias machistas e LGTBIfóbicas no lecer nocturno que xa está en fase de elaboración.

Comprometémonos a promover unha programación cultural *queer* aberta á totalidade da veciñanza, con especial atención aos espazos de socialización LGBTI+ interxeracional para combater a epidemia de soidade que sofren as persoas maiores do colectivo, así como as formas de lecer alternativo non vinculadas co consumo de alcohol.

Comprometémonos a apoiar o movemento asociativo, unha das grandes riquezas de Compostela e que nos coloca na vangarda neste eido. O diálogo fluído e continuado entre as institucións e os movementos sociais será unha das chaves para avanzar cara a unha cidade máis inclusiva, xusta e igualitaria.

Comprometémonos a garantir un acceso igualitario de todas as persoas, independentemente da súa identidade de xénero e da súa orientación sexual aos servizos públicos municipais, para o cal é unha meta ineludible a formación adecuada do persoal público.

Comprometémonos a que a defensa dos dereitos LGBTI+, igual que a defensa dos dereitos das mulleres, sexa un marco transversal da acción municipal, traballando de maneira sinérxica entre todas as áreas.

Santiago de Compostela é cidade de referencia para o colectivo LGBTI+, un espazo seguro, un fogar en que poder ser libres e felices. Evitar que esta realidade se poña en perigo é a nosa responsabilidade, e desde a institución municipal faremos todo o que estea na nosa man para protexer esta seguridade, liberdade e felicidade. Comprometémonos a cumprir con este reto.